

Co gallo de conmemorar o VIII "**Día da ciencia en galego**", este ano adicado "As Viaxes científicas, Darwin e o Beagle, e D. Fontán e a Carta Xeométrica de Galicia", o alumnado de ciclos de FP do IES A Sardiñeira organizou unha serie de obradoiros que pretenden ensinar dun xeito lúdico e práctico conceptos científicos e técnicos.

Esta xornada de divulgación científica tivo lugar nas instalacións do centro o venres 10 de novembro e rematou cun Magosto.. Ao longo desas dúas horas, o alumnado de ESO e Bacharelato disfrutou das experiencias montadas polos seus compañeiros de ciclos e das súas explicacións.

Este ano tivemos prácticas como:

- "**Sistemas de Visualización Xeográfica**: en homenaxe a Domingo Fontán, tratarán de entender e explicar o sistema de coordenadas GPS e os sistemas de visualización xeográfica como o Google Maps ou Openstreetmaps.

A práctica consiste en plasmar fotografías de lugares relevantes e dignos de ser coñecidos do Concello de A Coruña indicando as coordenadas GPS de cada un deles, apoiaranse nel para mostrarlles aos visitantes sistemas de visualización.

- **Prácticas asociadas a zonas do mundo polas que viaxou Darwin:**

- ASIA: "Fábrica de papel", Xogo de memoria "que sabemos de Asia?" e "Cosméticos da India".
- AMÉRICA DO SUR: "Amazonas de cristais"
- OCEANÍA: "Volcán submarino"
- AFRICA: "Khol", "Inxeccións arteriais para a conservación de cadaleitos" e "sales de Natrón para a deshidratación de corpos".
- EUROPA: "Maxia camaleónica" e "Polvos FLU"
- ANTÁRTIDA: "Desxeo dos polos" e "Xeo luminoso nun iglú"

- "**Experimentos con aplicacións da hidrostática**", como prensa hidráulica, medidores de presión, flotabilidade, capacidade pulmonar...

- **Gincana química** para que os rapaces usen mapas

- **Lanzamento de globos aerostáticos**

- **Xogo de cartas para establecer moléculas a partir de elementos químicos.**

- **Obradoiro de "Impresión por transfer"** de bolsas conmemorativas da data

- Obradoiro de "Elaboración de bálsamo labial"

- "**Volcán de permanganato, fairy, H₂O₂**" : para ilustrar a historia de Darwin pensando "si a Terra muda, porqué non os seres vivos?"

-**Actividade de "clasificación cladística de seres vivos"**: ilustra as relacións de parentesco entre os distintos seres vivos surtidos por acumulación de cambios a partir de antepasados comúns.

- **Actividade con plantas carnívoras** basada en experiencias de Darwin.

Para ver as fotos do evento:

https://www.dropbox.com/sh/24txu76ij9piniw/AABRaD6zbNGFygy6L76Y-KE_a?dl=0